De cara ao presente curso debemos seguir fomentando o uso do galego no centro. Hoxe en día está en clara desvantaxe con respecto ao castelán, sobretudo na fala do alumnado. Nunha enquisa realizada para o Proxecto do uso do galego saíron unhas porcentaxes moi baixas no seu emprego. A actuación do equipo farase en colaboración cos demais equipos docentes, especialmente co de biblioteca e co de actividades complementarias. Contará coas mesmas actividades ca as desenvolvidas no curso 22-23 e que describimos no seguinte apartado.

### 15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Obxectivo: Redactar contos de medo para celebrar o Samaín.			
Acción 1	Redactar contos de medo para celebrar o Samaín.		
	Temporalización		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Realización dun conto en galego.		
Responsables	O equipo de Dinamización Lingüística.		
Recursos e materiais	Fichas coas pautas para elaborar un conto.		

Obxectivo: Celebrar o Magosto	
Acción 1	Explicación dos xogos populares e asados das castañas.
	Temporalización



	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Realización de xogos populares e degustación de castañas.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Xogos e castañas.		

<b>Obxectivo: celebrar o Nadal</b>			
<b>Acción 1</b>	<b>Escribir postais navideñas en galego.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Explicación e elaboración de postais navideñas.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Cartolinas, lapis e rotuladores.		

<b>Obxectivo: Fomentar valores de paz e boa convivencia.</b>			
<b>Acción 1</b>	<b>Coñecemento de personaxes importantes na loita polo dereitos humanos.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Visualizar vídeos sobre a vida de personaxes relacionados co día da Paz.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Ordenador e pantalla.		

<b>Obxectivo: Coñecer as festas do Entroido en Galicia.</b>			
<b>Acción 1</b>			
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Explicación do Entroido en Galicia.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Fichas, libro de texto e Ordenador.		
<b>Acción 2</b>	<b>Elaboración de manualidades relacionadas co Entroido galego.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Elaboración de máscaras do entroido</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Cartolinas, lapis, rotuladores e ceras.		

<b>Obxectivo: Coñecer a vida e obra de Rosalía de Castro.</b>	
<b>Acción 1</b>	<b>Búsqueda de información sobre a autora.</b>

	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Búsqueda en internet de información</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Ordenadores e libros da biblioteca do centro.		
<b>Acción 2</b>	<b>Exposición dos datos recollidos a través dun mural.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Elaboración dun mural.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Cartolinas, lapis, tesoiras, pegamento, rotuladores e ceras.		

<b>Obxectivo: buscar información sobre persoas cercanas</b>			
<b>Acción 1</b>	<b>Realizar unha entrevista.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Realización dunha entrevista a unha muller da contorna.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Lapis e papel.		

<b>Obxectivo: coñecer a prensa escrita.</b>			
<b>Acción 1</b>	<b>Recoñecer as partes dun xornal galego.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Lectura dun xornal e explicación das partes dun xornal.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Prensa.		
<b>Acción 2</b>	<b>Elaboración dunha revista escolar.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Redactar distintas partes da revista.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Ordenador, papel e lapis.		

<b>Obxectivo: Celebrar o día do libro.</b>	
<b>Acción 1</b>	Historia do día do libro.
	<b>Temporalización</b>

	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Recompilación de información.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Fichas, libros de texto e internet.		
<b>Acción 2</b>	Aprender a redactar un conto.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Elaboración dun conto.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Fichas, lapis e papel.		

<b>Obxectivo: Celebrar o día das Letras Galegas.</b>			
<b>Acción 1</b>	<b>Búsqueda de información sobre a vida e obra de Francisco Fernández del Riego.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Indagar en libros de texto e internet.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Libros da biblioteca do centro e internet.		
<b>Acción 2</b>	<b>Realización dun mural sobre a vida do autor homenaxeado.</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Mural sobre a vida do autor homenaxeado.</b>		
<b>Responsables</b>	O equipo de Dinamización Lingüística.		
<b>Recursos e materiais</b>	Cartolinas, lapis, rotuladores e ceras.		

## 15.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN

Non hai ningunha modificación no presente curso en canto a impartición doutras materias en lingua inglesa. Impartiranse as sesións propias desa área que figuran no currículo.

## 16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

### 16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

Nome Xefe/a	
M <sup>a</sup> del Carmen Mouriño Mouriño	
Nome membros	Nivel/Especialidade
María Encina Rodríguez Yáñez (Coordinadora E. Infantil)	Seleccione
Fátima Mateo Gutiérrez (coordinadora 1º ciclo)	Titor/a EP
Mónica Gómez Serna (coordinadora 2º ciclo)	Titor/a EP
Romina Aguín Míguez (Responsable EEI Aios)	Seleccione
Miguel Ángel Meijón Couselo (Director)	PT
Mishel Álvarez Álvarez	AL
José Ramiro Varela Ferradáns (coordinador 3º ciclo)	Titor EP
Marta Vázquez Torre	PT

### 16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Entre as *necesidades educativas xerais detectadas no noso centro, no presente curso 2023-2024* nas que interviremos na medida do posible, segundo dispoñibilidade horaria, dende o Departamento de Orientación atopamos as seguintes:

- A cohesión do grupo-clase, o desenvolvemento de habilidades sociais e comunicativas na interacción social e a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE).
- A estimulación da linguaxe e da comunicación oral, apoiado en Educación Infantil co programa PELO.

- A mellora da competencia en comunicación lingüística: expresión e comprensión oral e escrita e o desenvolvemento de habilidades comunicativas en diferentes contextos e situacións.
- A educación socioemocional e a xestión das emocións mediante o desenvolvemento da intelixencia emocional.
- Desenvolvemento de habilidades intrapersoais (autoestima, autonomía, autocontrol, e autoconcepto, control da ansiedade, inseguridades, etc).
- Dificultades de aprendizaxe na mecánica lectora: exactitude, fluidez, velocidade e comprensión lectora.
- Diversas alteracións na lectoescritura: omisións, substitucións, repeticións, adicións..., unión e separación de palabras, disortografía, etc.
- Mellora dos procesos de produción na expresión escrita, con diferentes tipoloxías textuais.
- Dificultades nos procesos e destrezas cognitivas básicas de atención, concentración na tarefa, atención sostida, memoria a curto prazo (memoria de traballo/operativa), memoria a longo prazo, memoria episódica, razoamento, percepción, etc.
- Dificultades no desenvolvemento das habilidades matemáticas, no cálculo, na resolución de problemas, no razoamento lóxico-matemático...
- Dificultades de comprensión e razoamento verbal e non verbal, pensamento lóxico...
- Dificultades nas funcións executivas, en procesos de planificación, organización, secuenciación, revisión e autocorrección tanto na produción de textos escritos como na realización doutras tarefas de aprendizaxe.
- Mellorar na medida do posible estratexias de aprendizaxe facilitadoras do procesamento, adquisición, codificación e recuperación da información, e estratexias de pensamento.
- Continuar desenvolvendo e avanzando na práctica docente cara metodoloxías favorecedoras da inclusión de todo o alumnado e favorecedoras da aprendizaxe como Traballo en Equipo, Aprendizaxe Cooperativa, Traballo por Proxectos,

Metodoloxía Baseada en Proxectos, Aprendizaxe por Competencias, Matemáticas Manipulativas para o desenvolvemento do pensamento lóxico-matemático, Destrezas de Pensamento, etc..

Na actualidade contamos con 30 nenos /as con NEAE:

- Alumnado con discapacidade
- Alumnado con retraso madurativo.
- Alumnado con TDAH
- Alumnado con trastorno específico de aprendizaxe
- Alumnado con altas capacidades
- Alumnado con retraso da linguaxe.
- Alumnado con trastorno no desenvolvemento da linguaxe.
- Alumnado con dificultades psicolingüísticas: dislalias.
- Alumnado con dificultades na interacción social.

Os recursos persoais cos que conta o centro para dar resposta ás necesidades do noso alumnado é o seguinte: Titores/as, mestres especialistas, mestra de AL, mestre de PT e PAC.

### 16.3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO

#### MEDIDAS ORDINARIAS

MEDIDA	DESCRIPCIÓN
Estrutura organizativa do centro e organización e xestión da aula	Adecuación de horarios, agrupamentos, espazos, recursos persoais e materiais e da organización e xestión da aula ás características do alumnado, buscando a súa participación, o acceso aos recursos dos que dispoñemos, a flexibilidade nos agrupamentos, e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e o aprendizaxe compartido.
Programacións didácticas	Adecuación das programacións didácticas ao noso alumnado e contorna, partindo do nivel de competencia curricular de cada

	<p>alumno/a, das axudas que precise, garantindo a inclusión e os axustes necesarios á realidade de cada alumno/a e tendo en conta o deseño universal de aprendizaxe.</p>
<p>Metodoloxías</p>	<p>Utilizaremos metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outros que promovan a inclusión. Ademais empregaremos as alternativas metodolóxicas que mellor se adapten á construción que cada alumno/a fai da súa propia aprendizaxe.</p>
<p>Avaliación</p>	<p>Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, tendo en especial consideración o alumnado NEAE, considerando a forma de comunicación que o alumnado precise, a secuenciación de tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Teranse en conta as propostas que, en relación á avaliación, figuran nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.</p>
<p>Aula de atención educativa e convivencia</p>	<p>Nesta aula atenderase ao alumnado que, temporalmente, pola súa conduta inadecuada impide o normal desenvolvemento do traballo nunha sesión lectiva de seu grupo-clase. O alumnado levará as tarefas para realizar durante a permanencia nesta aula e non excederá o tempo dunha sesión lectiva. Correspóndelle ao profesorado que remite ao alumnado a esta aula o que proporcione as tarefas que deben realizar, así coma corrixilas e avalialas. Ademais o alumnado desenvolverá o programa de Habilidades e competencias sociais. As familias serán informadas cada vez que asista a dicha aula e indicaráselles o motivo desa remisión.</p>
<p>Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</p>	<p>Estará dirixido a alumnos que coa modificación dos elementos non prescritivos do currículo poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe, afecta a secuenciación dos contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, ao agrupamento do alumnado e todo o incluído na metodoloxía.</p>

	<p>Será elaborado polo mestre que imparte a área na que o alumno necesita reforzo, co coñecemento da titora ou titor, que o comunicará a xefatura de estudos e á familia do alumno/a. Será desenvolvido no contexto ordinario, polo mestre de área, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais.</p>
<p>Programas de enriquecemento curricular</p>	<p>Destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A súa finalidade é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta as inquietudes, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o alumno/a e manter así o seu nivel de motivación. Desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o do curso no que está escolarizado. É responsabilidade do profesorado da área a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desa medida.</p>
<p>Plan específico de reforzo para o alumnado de E. Primaria que permaneza un ano mais no mesmo curso</p>	<p>A súa finalidade é atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación da titoría e se desenvolverá ao longo de todo o curso. Nas sesións de avaliación levarase a cabo o seu seguimento, realizando os axustes necesarios. Ao final de curso, na sesión de avaliación, se informará sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.</p>
<p>Programa de Habilidades Sociais</p>	<p>Levarase a cabo un programa de habilidades sociais para a totalidade de todo o alumnado, promovendo a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para desenvolver a empatía, a autoestima, o respecto, a tolerancia.... levaranse a cabo en todas as áreas e terán a consideración de elementos transversais.</p> <p>Ademais no Departamento de Orientación levará a cabo un programa de habilidades sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorre reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo desenvolverase un programa que contribúa a adquisición das habilidades e competencias sociais específico para o alumnado que ,</p>



	como consecuencia de medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.
--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

MEDIDA	DESCRIPCIÓN
Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica audición e linguaxe	<p>Para que se leve a cabo será necesario que así o determine o informe psicopedagóxico derivado da avaliación psicopedagóxica do alumno/a, que será realizada polo Departamento de Orientación.</p> <p>O procedemento para a demanda de intervención do DO, previa detección das dificultades polo titor/a logo da avaliación inicial é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Comunicación da necesidade de intervención/avaliación do titor/a á xefatura de estudos.</li> <li>➤ Comunicación da xefatura de estudos á xefatura do DO.</li> <li>➤ Cubrir, por parte do titor/a, o impreso de información no que se recollen as observacións das dificultades observadas na aula.</li> <li>➤ Remitir aos pais/ nais/ titores legais a correspondente información de intervención/avaliación por parte do DO para que quede constancia por escrito de dita información.</li> <li>➤ Proceso de avaliación, informe e proposta de intervención, de ser o caso.</li> </ul> <p>Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nos informes psicopedagóxicos e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.</p>
Adaptacións curriculares	<p>Van dirixidas para o alumnado con NEE e, excepcionalmente, alumnado NEAE., e levarase a cabo despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade. Levaranse a cabo en E. Primaria, sen prexuízo das que se requiran para a flexibilización da duración do período de escolarización do alumnado. Supoñen a modificación, ampliación, redución ou supresión de parte ou todos os elementos prescriptivos do currículo. O procedemento é o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización da avaliación psicopedagóxica e posteriormente elaboración do informe psicopedagóxico.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Convocatoria e coordinación, por parte de xefatura de estudos, dunha reunión a que asiste o equipo docente do alumno/a e a xefatura do DO</li> <li>• Elaboración da proposta de AC por parte do profesorado que imparte a área que é obxecto de adaptación, contando coa colaboración, no seu caso, do profesorado de apoio e contando co asesoramento da xefatura do DO.</li> <li>• A xefatura do DO conforma o expediente</li> <li>• A dirección do centro enviará a Inspección a proposta para súa autorización.</li> </ul>
Flexibilización da duración do período de escolarización:	<p>O alumnado con NEE ou Altas capacidades intelectuais poderá ser obxecto de medidas de flexibilización do período de escolarización nas diferentes etapas de ensino.</p> <p>Seguirase o procedemento establecido no artigo 58 da Orde 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011, que regula a atención á diversidade en Galicia.</p>

#### **16.4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO DO DOCUMENTO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E CALENDARIO DE REUNIÓN MENSUAIS DE SEGUIMENTO DE ALUMNADO**

ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN
Constitución do Departamento de Orientación	Setembro
Organización dos apoios do profesorado de PT e AL: tipo de apoio, número de sesións...	Setembro/ Outubro
Reunión coa Orientadora do IES, os responsables de Servizos Sociais do Concello e diferentes especialistas que interveñan cos alumnos	Todo o curso
Coordinacións cos titores	Todo o curso
Coordinación cos servizos externos ao centro: gabinetes, servizos médicos....	Todo o curso
Adquisición de material e equipamento específico para o Departamento	Todo o curso

Elaboración dos diferentes protocolos a empregar no DO: entrevistas co alumnado, as familias, o profesorado; información aos pais para avaliación psicopedagóxica, reforzos, AC e autorizacións das flexibilizacións do período de escolarización...	Setembro/Outubro
Revisión e elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade	1 <sup>er</sup> trimestre
Asesoramento nos apoios	Todo o curso
Revisión do PAT	1 <sup>er</sup> trimestre
Colaboración na tramitación das becas de axuda a ACNEAE e elaboración de informes adxuntos	Setembro
Asesoramento e colaboración na avaliación inicial do alumnado	Setembro/Outubro
Asistencia ás avaliacións, análise dos resultados acadados e medidas a adoptar	Unha vez ao trimestre.
Orientación sobre modos de actuación para o alumnado de novo ingreso e os que cambian de centro e etapa.	1 <sup>o</sup> trimestre
Datos DRDADI	1 <sup>o</sup> trimestre
Valoración e integración do alumnado procedente do estranxeiro e doutras CCAA.	Todo o curso
Realización de avaliacións psicopedagóxicas, organización dos apoios e intervención con ACNEAE	Todo o curso
Seguimento psicopedagóxico individual do alumnado	Todo o curso
Programación de actividades destinadas á adquisición do hábito lector e mellora da comprensión e eficacia lectoras.	Todo o curso
Programación de actividades destinadas a habilidades socio-emocionais.	Todo o curso
Atención ás familias do alumnado	Todo o curso

Fomentar a colaboración das familias co profesorado-titor e o DO e implicalos nas actividades de apoio e orientación dos seus fillos/as	Todo o curso
Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	Todo o curso
Asesoramento ao equipo directivo en todo o relacionado coa planificación e desenvolvemento da acción docente.	Todo o curso
Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	Todo o curso
Demanda da intervención do EOE nos casos que se estime necesario	Todo o curso
Elaboración de informes escolares para pediatras, especialistas do SERGAS, trámites para certificado de discapacidade...	Todo o curso
Avaliación das medidas adoptadas de atención á diversidade	Todo o curso
Avaliación do PAADO e do Plan de Acción Titorial	3º trimestre
Revisión de modelos de informe de fin de ciclo ( EI), etapa e titoría.	3º trimestre
Orientación ao alumnado de 6º EP na súa transición á ESO	3º trimestre
Elaboración do Informe Final de Etapa do alumnado NEAE	3º trimestre
Elaboración da memoria do DO	3º trimestre
Elaboración de informes escolares para pediatras, especialistas do SERGAS, trámites para certificado de discapacidade...	3º trimestre
Datos DRDORIENTA	3º trimestre
Elaboración de informes escolares para pediatras, especialistas do SERGAS, trámites para certificado de discapacidade...	3º trimestre

## 17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
Miguel Ángel Meijón Couselo	PT
Nome equipo dinamización de convivencia	Nivel/Especialidade
José Manuel Diz Iglesias	Titor EI
José Ramiro Varela Ferradáns	Titor EP
Fátima Mateo Gutiérrez	Titor/a EP
Mónica Gómez Serna	Titor/a EP

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

Obxectivo: Coñecer as normas de convivencia por parte do alumnado			
Acción 1	Dedicar tempo en todos os niveis ao coñecemento das normas do plan, exposición de carteis...		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Conversas titor alumnos		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Aula		
Acción 2	Elección delegados, encargados...		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Proceso de elección e resultados		
Responsables	Titores e alumnos de cada clase		
Recursos e materiais	Aula, papeletas...		

Obxectivo: Aprender a dialogar e confrontar ideas			
Acción 1	Ensinar a dialogar como medio para defender cada punto de vista, argumentándoos correctamente		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Debates sobre temas da súa interese, exposicións con preguntas...		
Responsables	Titores		
Recursos e materiais	Aulas		

Obxectivo: Mellorar a autoestima e introducir a educación sexual	
Acción 1	Coñecemento dunha conducta afectiva apropiada, do propio corpo e contra as violencias machistas

	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Charla afectivo sexual “Quéreme menos, quéreme mellor”		
<b>Responsables</b>	Asociación Igualadas e Titor 6º		
<b>Recursos e materiais</b>	Materiais que aporten os expositores da asociación.		
<b>Acción 2</b>	Charla relacións entre iguais		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Coñecemento dunha conducta apropiada con respecto aos demais		
<b>Responsables</b>	Asociación Avante e Titores 5º e 6º		
<b>Recursos e materiais</b>	Materiais que aporten os expositores da asociación.		

<b>Obxectivo: Evitar condutas de acoso escolar e ciberacoso</b>			
<b>Acción 1</b>	Plan director do ministerio do interior		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Charlas de especialista da garda civil		
<b>Responsables</b>	Garda civil e titores de 5º e 6º		
<b>Recursos e materiais</b>	Materiais que aporte o especialista que lles dá a charla		

<b>Obxectivo: adaptación ao novo centro</b>			
<b>Acción 1</b>			
	<b>Visita futuros alumnos I</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Visita da escola de Aios ao noso centro		
<b>Responsables</b>	Titores infantil		
<b>Recursos e materiais</b>	Autobús, presentación de aulas, compañeiros e instalacións		
<b>Acción 2</b>			
	<b>Visita novos alumnos II</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Visita dos alumnos de 6º ao IES de Vilalonga		
<b>Responsables</b>	Titor 6º		
<b>Recursos e materiais</b>	Autobús, instalacións do IES		

<b>Obxectivo: desenvolver habilidades sociais no alumnado</b>	
<b>Acción 1</b>	

	<b>Programa de habilidades sociais</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Mediante xogos, actividades cooperativas e debates promover as relacións interpersonais.		
<b>Responsables</b>	Tutores primaria		
<b>Recursos e materiais</b>	Xogos e materiais específicos para este tipo de actividades		

**Obxectivo: sensibilizar sobre a discriminación que existe en función da raza e do continente que habitemos.**

	<b>Carreira solidaria</b>		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	Carreira nun circuito do centro por cursos aportando unha pequena cantidade económica para axudar a un país de Africa.		
<b>Responsables</b>	Mestre EF en colaboración con Save the children.		
<b>Recursos e materiais</b>	Patio, cintas, dorsais...		

## 18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

Actividade	Data prevista	Curso implicado	Profesorado responsable
Uso adecuado da linguaxe, evitar micromachismos, coñecemento do propio corpo...	Todo o curso	Todos	Todos
Charla afectivo-sexual "Quéreme menos, quéreme mellor"	1º trim.	5º	Orientadora e titora 5º
Análise de mensaxes e roles nos medios de comunicación	3º trimestre	5º e 6º	Tutores de 5º e 6º
Día da eliminación da violencia cara a muller. Visionado dalgunha película	25 de novembro	Todos	Todos
Día da paz	30 de xaneiro	Todos	Todos
Día da muller. Mural sobre mulleres na historia	8 de marzo	Todos	Todos
Contos e literatura coeducativa	23 de abril e semana das letras	Todos	Todos

## 19. PLURILINGÜISMO

Non existe ningunha aula bilingüe nin plurilingüe no noso centro neste momento. Existía ata fai uns cursos pero a carga horaria da mestra de inglés fixo inviable poder seguir.

## 20. PLAN PROXECTA+

- Concreción do/s programa/s no/s que se participa.

No presente curso non nos inscribimos en ningún dos plans ofertados Proxecta+

## 21. CONTRATOS-PROGRAMA: CPINCLÚE, CPINNOVA, PLAN RECUPERA

### POLOS CREATIVOS

Nome Coordinador/a	Nivel/Especialidade
José Ramiro Varela Ferradáns	AL
Nome equipo	Nivel/Especialidade
Todo o claustro	

Obxectivo: Perfeccionamento das competencias dixitais do alumnado.			
<b>Acción 1</b>	Alfabetización informacional e lectura hipertextual na búsqueda de información na rede, contrastar información.		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Nº de entradas en páxinas suxeridas</b>		
<b>Responsables</b>	Coordinación Polos Creativos e Titores		
<b>Recursos e materiais</b>	Programa Scratch + Aula de Informática + Aula E-dixgal		
<b>Acción 2</b>	Edición de imaxe e montaxe de videos como elementos dixitais; estudo da linguaxe cinematográfica e da importancia da oralidade, formando ao alumnado en alfabetización informacional e no tratamento de contidos multimedia. (Para alumnado de 5º e 6º)		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input type="checkbox"/>	2º T <input type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>1 Video-Montaxe</b>		
<b>Responsables</b>	Coordinación Polos Creativos e Titores (de 5º e 6º)		
<b>Recursos e</b>	Aula de Infomática + Aula E-dixgal, Videocámara, portátiles, pantalla HD		



<b>materiais</b>	
------------------	--

<b>Acción 3</b>	Formación en Chroma Key		
	<b>Temporalización</b>		
	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<b>Montaxes feitas co recurso</b>		
<b>Responsables</b>	Coordinación PFPP e 13 mestres		
<b>Recursos e materiais</b>	Biblioteca, chroma, portátiles, videocámara, poñente do CFR		

## 22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Meteonoalla			
<b>Descrición do programa</b>	O proxecto de Meteonoalla vense desenvolvendo no centro dende o ano 2016. Dende o mesmo propóñense actividades diversas todos os anos relacionadas coa meteoroloxía: rexistro de datos, análise dos mesmos, refráns do tempo, interpretación de mapas do tempo, presentación de cuestións relacionadas coa meteoroloxía,...		
<b>Obxectivos</b>	<p>Familiarizarse con diferentes aparellos relacionados coa meteoroloxía</p> <p>Recoller datos da estación meteorolóxica e estación automatizada (dirección do vento, calidade do aire, precipitacións, temperaturas,...)</p> <p>Realizar climogramas cos datos recollidos</p> <p>Rexistrar os datos en gráficos de barras e liñas</p> <p>Analizar mapas do tempo</p> <p>Consultar o tempo de diferentes localidades galegas e representar os datos no mapa de Galicia</p>		
<b>Cursos implicados</b>	Todos		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<p>Recollida de datos nas dúas estación meteorolóxicas e rexistro dos mesmos en gráficos de liñas e barras</p> <p>Consulta dos mapas do tempo para posteriormente utilizar iconos do clima e realizar a súa representación nun mapa de Galicia</p> <p>Realización de climogramas cos datos de temperaturas e precipitacións e</p>		

	<p>comparación dos resultados en distintos momentos do ano</p> <p>Diferenciación de diferentes aparatos meteorolóxicos e coñecer a función que ten cada un deles: anemómetro, termómetro, pluviómetro, compás,...</p>
<b>Responsables</b>	Marta Vázquez Torre (coordinadora), titores de cada curso.
<b>Actividades</b>	<p>Recollida de datos</p> <p>Análise dos mapas do tempo</p> <p>Realización de climogramas</p> <p>Coñecemento de diferentes aparellos meteorolóxicos</p>

<b>Menudo foroacui: innovación e divulgación dos produtos do mar e da acuicultura. Microplásticos</b>			
<b>Descrición do programa</b>	Pretende ser unha novidosa proposta para a inmersión do alumnado de 5º e 6º nun congreso científico infantil adicado aos recursos do mar, á acuicultura e a saúde oceánica		
<b>Obxectivos</b>	<p>Fomentar a cultura científica e espertar as vocacións científicas e técnicas a idades temperás.</p> <p>Afondar na importancia dos recursos do mar, a acuicultura e a saúde dos océanos no noso futuro.</p>		
<b>Cursos implicados</b>	5º e 6º		
<b>Temporalización</b>	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicador</b>	<p>Ensinanzas sobre oceanografía, saúde oceánica e procesos productivos e evolución dos recursos do mar.</p> <p>Participación activa da comunidade docente, o alumnado e os expertos.</p> <p>Seguemento constante da actividade para obter unha avaliación cualitativa e cuantitativa do éxito e do impacto.</p>		
<b>Responsables</b>	Marta Vázquez Torre (coordinadora), titores de 5º e 6º		
<b>Actividades</b>	<p>1. Presentación Menudo ForoAcui. Celebración dunha xornada lúdico-didáctica sobre os recursos do mar, a acuicultura e a saúde oceánica para 250 alumnos de 5º e 6º de Primaria de distintos centros. Este acto terá lugar o día de novembro de 2023 no Auditorio Municipal do Grove (Pontevedra).</p> <p>2. Menudo ForoAcui na aula. O traballo na aula ao longo do curso permitirá ao alumnado afondar en temas específicos (ver enquisa) de interese relacionados coa acuicultura, os recursos mariños e a saúde dos océanos. En concreto serán 4-5 visitas ás aulas por parte de investigadores e unha saída de campo relacionada coa temática seleccionada. A partir deste traballo, o alumnado desenvolverá o seu cartel e/ou comunicación audiovisual para expoñer no Congreso Menudo ForoAcui.</p>		

	3. Congreso Menudo ForoAcui. No mes de xuño (en data por determinar) e despois do traballo nas aulas, todos Os participantes volverán reunirse no Auditorio Municipal do Grove (Pontevedra) para expor o seu traballo en formato póster e/ou como peza audiovisual, así como unha exposición oral da mesma.
--	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

## **23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

Para a realización das actividades extraescolares polas tardes a partir das 16:00 (hora na que cerra o comedor) tanto ANPA como concello cursaron solicitude ao director que como acontece todos os anos lle concedeu as instalacións. No caso do concello só utilizan o centro para a actividade de ludoteca, o resto de actividades extraescolares que propoñen realízanse noutras instalacións. A ANPA si que necesita o centro para todas as actividades.

A continuación expone de xeito resumido e a modo de recordatorio algunhas delas (as que resultan de utilización máis frecuente).

### **Pavillón**

Funcionará basicamente como espazo para a clase de E.F. A súa utilización no horario lectivo virá marcada polo profesor da área. Utilizarase tamén para extraescolares da ANPA polas tardes: patinaxe

### **Pistas deportivas**

Foron divididas para acoller a varios grupos nos recreos. Serán utilizadas tamén para facer educación física ao aire libre.

### **Campo de fútbol**

Contamos cun acordo co concello de Sanxenxo para a utilización do campo de fútbol anexo ó centro e das súas instalacións, sempre que o mestre de educación física o considere oportuno.

### **Aulas**

Este ano o seu uso será para as sesión lectivas de cada curso. A aula de 6º de primaria e a de 4º de infantil utilizarase tamén para actividades extraescolares da ANPA: inglés e arte.

### **Aula de informática**

Estará adicada a aula de informática e de vídeo.

Á aula de informática acudirán os profesores que queiran co seu grupo de alumnos. Establecerase un horario semanal. Dito horario estará exposto na porta da aula.

### **Aula de psicomotricidade**

Utilízaa o mestre de EF para as súas clases cos nenos de infantil. Polas tardes tamén a utiliza a ANPA para clases de baile moderno e o concello como ludoteca.

### **Biblioteca**

Volve a utilizarse como tal, despois de anos con moitas restriccións pola Covid. Realizaranse préstamos e devolucións nos recreos con un calendario por cursos. Hai tamén un horario no que cada curso ten unhas horas asignadas para acudir a ella.

Tamén se utilizará nas tardes de luns, mércores e xoves de 16:00 a 18:00 para préstamos e devolucións, con mestres de garda.

Aproveitarase o seu escenario para teatro, charlas...

Instalación: aula de psicomotricidade, pavillón, aula de informática, aula de 6º e aula de 4º de infantil.			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Todas as tardes de 15:45 a 17:15		

Instalación: aula de psicomotricidade, pavillón			
Entidade que a usa	Concello de Sanxenxo		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Martes de 16 a 17:30		

Instalación: biblioteca			
Entidade que a usa	ANPA		
Participan membros da comunidade educativa	<input type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Esporadicamente para reunións e para gardar algún material		

Estamos pendentes de que o clube de fútbol de Noalla que utiliza os campos anexos ao centro, nos solicite tamén o pavillón do centro para que poidan entrenar nel en caso de choiva.

## 24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

- Actividades propostas:

DÍA	HORA	CLASE	IMPARTIDO POR	PRECIO
LUNES	15:45 - 17:15	INGLÉS (DE 2º A 6º PRIMARIA)	MARIAM	17 €
		ARTE (INFANTIL Y 1º PRIMARIA)	HILOS Y BALLENAS	18 €
		MULTIACTIVIDAD	NORDELAINA	18 €
MARTES	15:45 - 17:15	ARTE (DE 2º A 6º PRIMARIA)	HILOS Y BALLENAS	18 €
		COSTURA	NORDELAINA	24 €
MIÉRCOLES	15:45 - 17:15	INGLÉS (INFANTIL Y 1º)	MARIAM	17 €
		PERIÓDICO (DE 2º A 6º PRIMARIA)	NORDELAINA	18 €
		TEATRO	NORDELAINA	18 €
JUEVES	15:45 - 17:15	BAILE MODERNO	NYDIA	15 €
		AJEDREZ	NORDELAINA	18 €
		MULTIDEPORTE	NYDIA	16 €
VIERNES	15:45 - 17:15	PATINAJE	NYDIA	16 €

## 25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación xeral do centro compre realizala analizando tres aspectos:

**Avaliación dos grupos** de alumnos que hai no centro. Nas distintas sesións de avaliación, unha inicial e outra por cada trimestre, os equipos de mestres analizaremos a marcha xeral dos diferentes grupos e trataranse os casos concretos que presentan algunha dificultade para establecer medidas como reforzos, apoios, intervención de mestres de PT ou AL... Para isto é fundamental que asistan a orientadora e mestra de AL pese a compartir horario con outro centro.

Tamén se debe analizar a práctica docente que pode ser susceptible de cambios co fin de acadar unha mellora na marcha dos grupos. Nas reunión con familias, tanto individuais como grupais, tamén se informará da marcha do grupo. Finalmente, nas reunión que puideran convocarse coa orientadora transmitirase a información pertinente para atender o mellor posible ao alumnado con dificultades.

**Avaliación do centro.** Nas reunións de claustro, consellos escolares ou reunións de cada equipo pedagóxico, adicarase un tempo a analizar o funcionamento do centro. Atenderase a preguntas ou dúbidas que poidan traer mestres ou familias. Veranse os pros e contras de cada aspecto que estea a desenvolverse no centro e buscarase a maneira de como mellorar aqueles defectos que se aprecien. Tentando buscar o máximo consenso posible dentro do claustro e da comunidade educativa.

**Avaliación das relacións coa comunidade educativa.** Un dos obxectivos que perseguimos tanto equipo directivo, equipos de coordinación pedagóxica, coma o claustro en xeral é fomentar a apertura do centro cara ao entorno. Gran parte das actividades que se desenvolven ao longo do curso (Nadal, entroido...) están abertas as familias e participa toda a comunidade educativa.

Como se ven facendo en anos anteriores o Centro tratará de fomentar a cooperación con toda a comunidade educativa: ANPA, Asociación Cultural, Concello, etc, potenciando a comunicación entre os distintos sectores que inciden na educación dos rapaces e rapazas. Establecerá contactos frecuentes coa xunta directiva da ANPA. para coñecer as súas expectativas e preocupacións, así como para darlle toda a información que precisen para o

desarrollo da súa labor.

Continuará contando coa colaboración dos pais/nais na organización e desenvolvemento dalgunhas das actividades programadas.

Realizaremos as xuntanzas (por ciclo ou curso) cos pais/nais, de principio de curso, previstas pola lei, para darlles a información necesaria para que coñezan como vai ser o curso académico (materias, profesores, avaliacións, etc).

Potenciaranse as relacións pais-titores utilizando ó máximo a hora de tutoría, que será os martes das 16:15 h. ás 17:15 h. De non poder ser neste horario os pais e titores coordinaríanse para realizalas a outra hora.

Potenciarase o entendemento entre pais/nais e profesores/as con reunións periódicas nas que se unifiquen criterios educativos, para que non haxa contradicións entre “a casa e a escola”

Usarase a axenda escolar por parte do alumnado, ademais de como medio de organizar o traballo persoal, como medio de comunicación entre os profesores/as e as familias.

Asemade, preténdese achegar a lectura ós nenos e nenas fóra das horas lectivas. Os pais e nais poderán empregar o servizo de préstamos de libros, tanto para eles como para os seus fillos/as.